

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 19 DE ABRIL DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dezanove de Abril de mil novecentos noventa e tres; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno presta aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior que foi a celebrada o día 13 de Abril corrente.

2.- OBRAS.-

Non houbo licencia para a execución de obras.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o expediente que se tramita a instanciación de Don Fernando Pumar Vázquez, veciño de Carballeda de Avia, sobre a instalación de "Salón de máquinas recreativas" no inmovible sito nesta Vila de Ribadavia, na rúa Yáñez, 1, baixo, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda dar traslado ó interesado, ós correspondentes efectos legais, e, en todo caso para a correspondente cumprimentación pola súa banda, do informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, que di o seguinte: "Aportará la autorización que señala el artículo 29, Decreto 374/1986, de 30 de Octubre.- En base al artículo 23 del aludido Decreto, que dice: "Nestes establecimientos só se poderán instalar dúas máquinas recreativas..."- En la documentación técnica presentada existe un bar y salón de máquinas recreativas, no siendo posible instalar un bar con salón.- Ante la imposibilidad no entro en mas puntualizaciones de tipo

técnico.

Visto o escrito de Dona María Nelia Meiriño Gómez, veciña de Vigo, con domicilio na Avda. Florida, 51, 4º A, no que prega se lle conceda un posto de venda na Praza de Abastos, para ultramarinos, froitas e hortalizas, a Comisión de Goberno, acorda comunicar á interesada que unha vez que se abra o correspondente concurso para a adxudicación de postos de venda vacantes será o momento oportuno para a presentación desta solicitude.

Visto o escrito de Don Alfredo Ramiro Estévez, na representación da Cía Mercantil Brotes S.A.T., no que recorre en trámite de reposición contra o acordo desta mesma Comisión, segundo a súa sesión celebrada o día 9 do pasado mes de Marzo, que denegou a licenza de apertura interesada, a Comisión de Goberno estudia o mesmo con detemento e chega á conclusión de que as alegacións que abeiran o devandito recurso de reposición non desvirtúan os argumentos que serviron de base para acadalo acordo que se combate; en todo caso, non se pode falar de indefensión tendo en conta que precisamente quen recorre está a facer uso dos mecanismos legais; e moito menos se pode falar dunha posibilidade de pedir danos e prexuízos polas sinxela razón de que Brotes S.A.T. comezou pola súa conta e risco a exercer unha actividade para a cal non tiña licenza; por estas razóns e por outras moitas máis que se podían alegar e que se alegarán no seu momento, se é o caso, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda rexeitalo recurso de reposición de que se trata, mantendo firme, por contrario imperio, o anterior acordo do día 9 do pasado mes de Marzo.

Visto o escrito de Don Benito Blanco López, veciño desta Vila, con domicilio na rúa O Carballiño, nº 58, 3º esquerda, no que prega a correspondente licenza para a apertura dun establecemento (chiringuito), na tempada de verán vindeiro, que está situado enfronte da Piscina Pública, na Veronza, a Comisión de Goberno acorda comunicar ó interesado, ós correspondentes efectos legais, e para o seu cumprimento, no seu caso, coma trámite previo, o dictame técnico do Sr. Aparellador Municipal, que di o seguinte: "En el lugar de referencia se encuentra instalada una caseta de madera conmostrador al exterior en una de sus caras y mesas y sillas en la zona circundante a la caseta.- Esta caseta es utilizada como chiringuito veraniego de venta de bebidas y refrescos.- Considero: existen quejas del vecindario por su utilización nocturna.- Se presentará la documentación técnica que defina la actividad y la instalación a fin de garantizar la seguridad de los usuarios de la instalación

y evitar molestias al vecindario.- Tendrá que disponer de los correspondientes servicios sanitarios para hombres y mujeres conectados a la red general de saneamiento y agua potable.- Alineaciones e incidencias sobre las vías públicas.

Visto o escrito de Don Prudencio Diéguez López, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Avia, nº 7, sobre o estado no que se atopan uns solares existentes na devandita rúa, de Don Antonio González Fernández e Don José Alvarez González, os seus conveciños, e visto o informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, a Comisión de Goberno acorda notificar ós propietarios indicados que debe procederse inmediatamente ó valado e cerramento con fábrica de ladrillo ou bloque recebado, pintado na cor branca, cunha altura de dous metros, no prazo de quince días a partir da notificación, baixo apercibimento de que, noutro caso, será a Administración Municipal quen o leve a cabo, pasando o correspondente custo ós repetidos señores propietarios.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Francisco Rego Martínez, veciño desta Vila, con domicilio en Avda. Redondela, 23, 4º A, sobre un anteproxecto de vivenda unifamiliar en Ventosela, p.k. 594,2, marxe dereita da estrada N-120 de Logroño a Vigo, a Comisión de Goberno acorda notificar ó interesado ós correspondentes efectos legais, o contido do escrito da Demarcación de Estradas do Estado en Ourense, nº 761, do 7 de Abril corrente, recibido o día 14, que di o seguinte: "Por estar pendiente de que la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia (La Coruña) emita el informe correspondiente ante la posibilidad de que pudiera estar afectada por la futura Autovía, de momento no es posible el emitir el correspondiente informe mientras no se dé contestación a lo interesado por esta Unidad de Carreteras".

Visto o escrito de Dona María del Pilar Cuíñas Lorenzo, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Porta Nova de Arriba, nº 21, que fai referencia a unha notificación por Contribucións Especiais da obra 284/81, Beirarrúas na Avda. do Ribeiro, cunha liquidación tributaria por importe de 55.660 pesetas, e na que prega que se deixe sen efecto tal liquidación tendo en conta, alega, unha cesión de terreos realizada no seu día, 1 de Xuño de 1989, polo seu pai falecido, Don Antonio Cuíñas Martínez, a Comisión de Goberno estudia con detemento este escrito e chega á conclusión de que non pode ser estimado, tendo en conta precisamente o acordo plenario do día 30 de Xullo de 1992, no que se deu solución definitiva a este expediente.

Visto o escrito de Don Luís González González, veciño desta Vila, que fai referencia a unha execución de obras na estrada que parte da N-120 cara ó lugar da Franqueirán, a Comisión de Goberno acorda remiti-lo devandito escrito á Excma. Deputación Provincial, pois daquela coida que se trata dunha vía provincial e correspondente a este Organismo levar a cabo os trámites precisos máxime pola circunstancia de que, segundo se explica no escrito é preciso empregar explosivos.

Visto o escrito de Unión Fenosa, con domicilio en Saenz Díez, 95, Ourense, ó que achega unha fotocopia do aval constituído por importe de 1.200.000 pesetas, para responder da bondade das obras que leva a cabo na rúa Rodríguez de Valcárcel, hoxe Ribeiro, segundo a licenza municipal do 30 de Setembro último, a Comisión de Goberno, na súa condición de órgano asesor permanente do Alcalde, acorda levanta-la paralización destas obras; agora ben, tamén acorda dirixirse a Unión Fenosa a fin de que presente, dentro da maior brevidade posible o aval de que se trata en exemplar orixinal, para a súa formalización da Tesourería deste Concello.

#### 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Visto o escrito do Servicio Provincial para o Turismo, nº 294, do 13 de Abril corrente, que fai referencia á solicitude de subvención presentada por este Concello para actuacións no Encoro de Castrelo de Miño, a Comisión de Goberno acorda interesar do Sr. Aparellador Municipal que detalle o presuposto de investimento, que consta na súa memoria do día 31 de Marzo, na partida correspondente ó custo para obra de fábrica, sinalando expresamente a Comisión de Goberno que esta actuación non implica a realización de obras que deban ser abeirada polo correspondente proxecto técnico.

Escrito da Sociedade Xeral de Autores de España, sobre a normativa para o desenvolvemento de festas locais.

Escrito do Goberno Civil de Ourense, que contén a Orde do 18 de Marzo de 1993, do Ministerio do Interior que regula o procedemento para a concesión de axudas sobre necesidades derivadas de situacións de emerxencia.

Informe do Sr. Aparellador Municipal, sobre un aproveitamento hidroeléctrico do río Ciervas, agardando a Comisión de Goberno coñece-las alegacións dos veciños afectados para o exercicio das accións correspondentes.

Escrito da Mancomunidade de Concellos do ribeiro que contén liquidación practicada por ingresos e custos no primeiro trimestre do corrente ano.

Escrito do Servicio Provincial do Turismo, anunciando que se remite á Secretaría Xeral o proxecto para a subvención pedida por este Concello para a recuperación de augas termais en Prexigueiro.

En relación co escrito do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, ó que se achega o Padrón do Imposto de Benes Inmobles de natureza urbana para o corrente exercicio, acordando a Comisión de Goberno que se expoña ó público de xeito regulamentario.

Escrito do Servicio de Consumo de Ourense, sobre actuacións fóra da lei dunha empresa italiana nomeada CIDUE, acordando a Comisión de Goberno que se dea a correspondente difusión.

Escrito do Servicio Provincial do Deporte, sobre competencia de atletismo no complexo deportivo de Monterrei, acordando pase o mesmo ó Sr. Encargado de Deportes do Concello.

Escrito da Organización de Profesionais e Autónomos de Toledo, sobre actividades da mesma.

Coñecidas as instrucións da Oficina Provincial do Censo Electoral, sobre a situación das mesas electorais deste Concello, e dentro do prazo concedido para reclamacións, a Comisión de Goberno acorda deixar sen efecto o contido das comunicacións, de data 14 de Abril corrente, cautelarmente remitidas pola Secretaría do Concello, pola súa acreditada urxencia; e no seu canto face-la seguinte proposta: a Mesa C do Distrito 2º, Sección 1ª, que abrangue Esposende e San Andrés, debe quedar como está. A Mesa D do Distrito 2º, Sección 1ª, que abrangue As Chavolas, Grova, Sanín e Seijo, que só ten 168 electores, sendo o mínimo esixible 200, incrementase coa aportación dos electores de Ventosela, procedentes da Mesa A do Distrito 2º da Sección 1ª, co cal incremento xa ten máis de 200 electores e mesmo a Mesa da que se segrega Ventosela nonten merma ós efectos de seguir contando con máis de 200 electores. Resumindo: mantense, polo tanto, a Mesa D do Distrito 2º, á que se engade o electorado de Ventosela, co cal non se merma a Mesa A do mesmo Distrito; anuláanse por conseguinte, as comunicacións xa referidas do 14 de Abril corrente. Aproveitase esta oportunidade para comunicar á Oficina Provincial do Censo

Electoral que sería conveniente, tal como acordo o Pleno deste Concello no seu día, e comunicouse oportunamente, que os electores do lugar da Franqueirán que están encadrados na Mesa Unica do Distrito 1º, Sección 4ª, puidesen votar en calquera das Mesas de Ribadavia casco, en evitación de que teñan que acudir a Francelos, sendo paso obrigado Ribadavia.

#### 5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Cóñece a Comisión de Goberno os seguintes asuntos deste carácter:

Petición de axuda do Clube Triatlón Ourense, pedindo unha axuda de 100.000 pesetas, acordando a Comisión de Goberno tomar nota do mesmo.

En relación cun escrito de Caixa Ourense, no que pregan certificación na que se acredite que tal entidade é endosataria dunha certificación pola obra da Reforma da Praza de Abastos, 2ª fase, por importe de 9.636.185 pesetas, a Comisión de Goberno acorda que se expida a certificación, na que se fará constar tamén o financiamento da obra, que abrangue subvencións das Consellerías de Industria e Comercio, Economía e Facenda, e fondos propios da Corporación, e que o seu aboamento será realizado cando se complete o devandito financiamento e mesmo cando as obras estean de acordo co contrato correspondente, despois da acreditada información técnica sobre as mesmas.

Por último, a Comisión de Goberno acorda acollerse ós beneficios da Orde do 9 de Febreiro de 1993, pola que se regula o réxime de concesión de subvencións ás Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil, para a seguinte actuación: Equipamento do Grupo de Protección Civil do Concello, segundo a memoria que se achega, á que se presta aprobación, por importe de 3.260.000 pesetas; fica facultado o Sr. Alcalde para asina-la correspondente petición.

#### 6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.-

E sendo as nove e vinte da noite, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario,

certifico.-